

Alvarellos Editora publicará os premios de poesía do Concello de Vilalba

Trátase dunha coedición das catro obras gañadoras nos certames literarios de 2011 e 2012, das que son autores Carlos Pereira, Martiño Maseda, Xoán Piñeiro e Xosé Otero Canto. Os volumes serán presentados ao público nun acto oficial en Vilalba o venres 23 de agosto.



De esquerda a dereita, os autores premiados: Carlos Pereira, Martiño Maseda, Xoán Piñeiro e Xosé Otero Canto.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2013.- Un dos premios de poesía máis veteranos e prestixiosos de Galicia, o **Certame Literario do Concello de Vilalba**, que este ano alcanza a súa edición número 39, será publicado por Alvarellos Editora. O organismo municipal e esta empresa cultural acaban de chegar a un acordo para coeditar os volumes gañadores das últimas dúas edicións, a nº 37 de 2011 e a nº 38 de 2012.

Trátase das obras *Río Alzheimer*, de Carlos Pereira Martínez (1º Premio, 2011); *Entre as paredes do silencio*, de Martiño Maseda Lozano (2º Premio, 2011); *Quenda da catividade*, de Xoán Xosé Piñeiro Cochón (1º Premio, 2012), e *Nenias chairegas*, de Xosé Otero Canto (2º Premio, 2012).

0 23 DE AGOSTO, PRESENTACIÓN

O Certame Literario do Concello de Vilalba consta de dous **premios**: un primeiro de 3.000 €, flor natural e diploma, e un segundo de 1.000 €, flor natural e diploma. O **xurado** está presidido por José María García-Leira Boado, concelleiro de Cultura, e integrado por Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez-Andina, Fidel Fernán Vello e, como secretario, Xulio Xiz Ramil.

Os catro volumes, que nestes momentos se encontran en proceso de edición, **serán presentados conxuntamente en Vilalba o 23 de agosto**, nun acto público que contará coa intervención dos catro autores galardoados.

Ao día seguinte comunicarase o fallo da edición de 2013, a número 39.

Saúdos cordiais,
Área de Comunicación de Alvarellos Editora
Contacto: correo@alvarellos.info | 981 522 137 | 609 90 88 52